

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013338	CEIP Antonio Insua Bermúdez	Vilalba	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación está baseada no Real Decreto 157/2022, de 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria; no Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e na Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2023/24.

A etapa de Educación Primaria está baseada nunha metodoloxía globalizada na que se deben tratar os obxectivos de forma transversal ás diferentes áreas e materias do currículo, tratando así de dotar ao alumnado dunha formación integral.

A área de Ciencias da Natureza concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo en que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

As ciencias naturais supoñen, polo tanto, comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixo central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, tendo en conta o rápido desenvolvemento e progreso científico-tecnolóxico.

Para iso, o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como co funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, o respecto cara aos seres vivos e á súa contorna a favor da consecución e do mantemento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que, xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a realización de proxectos interdisciplinares cooperativos nos cales se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima, de modo que o alumnado poida achegar solucións creativas e innovadoras a través do desenvolvemento dun prototipo final con valor ecosocial.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FAISE CAMIÑO AO MIRAR	Ao longo da unidade, preténdese que o alumnado: 1. Obteña información de diferentes fontes e a procese. 2. Identifique as tarefas prioritarias na realización dun produto final. 3. Diferencie os seres vivos e os seres inertes, identificando as súas relacións nos ecosistemas. 4. Recoñeza as funcións vitais. 5. Clasifique os seres vivos, recoñecendo os cinco reinos que existen e as súas características. 6. Coñeza os distintos elementos dun	17	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FAISE CAMIÑO AO MIRAR	<p>ecosistema e recoñeza as relacións entre eles.</p> <p>7. Identifique os principais tipos de ecosistemas segundo un conxunto de características.</p> <p>8. Valore a necesidade de coidar e preservar o contorno natural e os seres vivos que nel se encontran.</p> <p>9. Sistematice a información recollida para elaborar unha guía da natureza que sirva como guía do seu contorno.</p> <p>10. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro dos ODS 14 (vida submarina) e 15 (vida de ecosistemas terrestres).</p>	17	18	X		
2	ESTADES PARA UNHA FOTO	<p>Ao longo desta unidade, preténdese que o alumnado:</p> <p>1. Investigue e recompila a información necesaria para realizar a tarefa proposta.</p> <p>2. Recoñeza as funcións vitais nos invertebrados e os clasifique en función da súa alimentación ou a súa forma de reprodución.</p> <p>3. Identifique os invertebrados poríferos, cnidarios, anélidos ou equinodermos e os clasifique en función das súas características.</p> <p>4. Coñeza os invertebrados moluscos e artrópodos e os seus respectivos subgrupos, e os clasifique en función das súas características.</p> <p>5. Recolla información sobre aqueles grupos de invertebrados estudados e a utilice para elaborar fichas sobre eles.</p> <p>6. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro dos ODS 14 (vida submarina) e 15 (vida de ecosistemas terrestres).</p>	17	18	X		
3	PELO, PETEIRO, PATA	<p>Ao longo desta unidade preténdese que o alumnado:</p> <p>1. Investigue e recompila a información necesaria para realizar a tarefa proposta.</p> <p>2. Examine os vertebrados e aprendan como se alimentan, como se relacionan e como se reproducen.</p> <p>3. Coñezan os peixes, os anfibios e os réptiles.</p> <p>4. Recoñezan as aves e os mamíferos.</p> <p>5. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro do ODS 15 (Vida de ecosistemas terrestres).</p>	17	18		X	
4	O MUNDO QUE NOS RODEA	<p>Con esta Unidade preténdese que o alumnado:</p>	17	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	O MUNDO QUE NOS RODEA	1. Investigue e recompile a información necesaria para realizar a tarefa proposta. 2. Identifique o compoñente vivo e o inerte nun ecosistema. 3. Recoñeza os tipos de relación que se establecen entre os seres vivos nun ecosistema. 4. Clasifique os ecosistemas: terrestres ou acuáticos e naturais ou artificiais. 5. Explore a relación entre as persoas e o ecosistema. Medidas de protección. 6. Recolla información sobre un ecosistema próximo e a utilice para elaborar un informe. 7. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro do ODS 13 (Acción polo clima).	17	17		X	
5	INTERACTUAMOS COA CONTORNA	Con esta Unidade preténdese que o alumnado: 1. Investigue e recompile a información necesaria para realizar a tarefa proposta. 2. Recoñeza a materia e as súas propiedades xerais e específicas, as substancias puras e mesturas e os estados da materia. 3. Entenda os cambios físicos e químicos da materia, e os instrumentos de medida. 4. Diferencie os tipos de forza, de contacto ou a distancia, e os efectos que produce: cambios de forma ou cambios no estado de movemento. 5. Recoñeza os tipos de máquinas: simples e compostas. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro do ODS 9 (Industria, innovación e infraestrutura).	16	16			X
6	A ENERXÍA DO DÍA A DÍA	Con esta Unidade preténdese que o alumnado: 7. Investigue e recompile a información necesaria para realizar a tarefa proposta. 8. Coñeza a enerxía, as súas formas e os seus usos na vida cotiá. 9. Entenda a calor e os seus efectos. 10. Distinga as fontes de enerxía: renovables e non renovables. 11. Descubra as máquinas simples e compostas. Coñeza e se implique en accións que contribúan ao logro do ODS 7 (Enerxía limpa e non contaminante).	16	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	FAISE CAMIÑO AO MIRAR	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos elementos do medio natural.	PE	60
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre os diferentes elementos do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	40
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial, e propor algunha solución ao mesmo. Recoñecer hábitos de vida sustentable e de protección do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais. - Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada. - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	ESTADES PARA UNHA FOTO	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos elementos do medio natural.	PE	50
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial, e propor algunha solución ao mesmo. Recoñecer hábitos de vida sustentable e de protección do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	50
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentacións guiadas, seguindo as indicacións.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Amosar condutas respectuosas co medio natural, propoñendo algunha acción para a súa conservación e mellora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio: obtención de enerxía, relación co contorno e perpetuación da especie. - Clasificación dos animais segundo o tipo de alimentación e sistemas implicados na función de nutrición: respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor. - Os animais e a súa relación co contorno: órganos dos sentidos, aparato locomotor e sistema nervioso. - Clasificación dos animais segundo o seu tipo de reprodución (sexual e asexual) e forma de reprodución (vivíparos, ovíparos e ovovivíparos). - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	PELO, PETEIRO, PATA	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos elementos do medio natural.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre os diferentes elementos do medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Adquirir e utilizar algún léxico básico, e utilízalo en contextos reais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo, contribuíndo na medida das súas posibilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.

UD	Título da UD	Duración
4	O MUNDO QUE NOS RODEA	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características, organización e propiedades dos elementos do medio natural.	PE	50
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar algunha conexión sinxela entre os diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Amosar condutas respectuosas co medio natural, propoñendo algunha acción para a súa conservación e mellora.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Adquirir e utilizar algún léxico básico, e utilízalo en contextos reais.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Participar na presentación dun produto final, na medida das súas posibilidades.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo, contribuíndo na medida das súas posibilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada. - Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias. - Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.

UD	Título da UD	Duración
5	INTERACTUAMOS COA CONTORNA	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica, organización e propiedades dalgún elemento do medio natural.	PE	45
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer algunha forma e fonte de enerxía e o seu uso na vida cotiá.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Recoñecer os efectos das forzas nos corpos.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	55
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Adquirir e utilizar algún léxico básico, e utilízalo en contextos reais.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentacións guiadas, seguindo as indicacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar por escrito os resultados dunha pequena investigación.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer os efectos da calor nos corpos.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Participar na construción dun produto final sinxelo, utilizando con seguridade as ferramentas.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Participar na presentación dun produto final, na medida das súas posibilidades.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo, contribuíndo na medida das súas posibilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación.

UD	Título da UD	Duración
6	A ENERXÍA DO DÍA A DÍA	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar algunha característica, organización e propiedades dalgún elemento do medio natural.	PE	30
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer algunha forma e fonte de enerxía e o seu uso na vida cotiá.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular algunha pregunta e realizar algunha predición.	TI	70
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Adquirir e utilizar algún léxico básico, e utilízalo en contextos reais.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer os efectos da calor nos corpos.		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar algún problema ecosocial, e propor algunha solución ao mesmo. Recoñecer hábitos de vida sustentable e de protección do medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Recoñecer os perigos dos recursos dixitais, actuando de acordo con eles.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Participar na construción dun produto final sinxelo, utilizando con seguridade as ferramentas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Participar na presentación dun produto final, na medida das súas posibilidades.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Iniciarse na programación por bloques.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en tarefas en equipo, contribuíndo na medida das súas posibilidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e

Contidos

- comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).

4.1. Concrecións metodolóxicas

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa.

Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal e tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que sexa posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto
Computados de aula e encerado dixital
Material funxible (cartolinas, folios, pinturas, témperas...)
Computadoras (sala de informática)
Globo terráqueo
Programa Scratch
Mapas e planisferios
Recursos dixitais (páxinas web, procesadores de texto, presentacións, kahoot, Genially, Educaplay, ...)
Aula Virtual do Centro
Libretas e cadernos

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Tentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Esta avaliación ten carácter diagnóstico e permite coñecer o nivel de competencia e capacidade do alumnado antes de comezar o novo curso académico.

Polo tanto, esta avaliación inicial debería axudarnos a coñecer que é o que saben os nenos/as para diseñar así un programa educativo acorde cos obxectivos xerais de aula, conseguindo de esta maneira o máximo desenvolvemento persoal, académico e social do noso alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	17	17	16	16	100
Proba escrita	60	50	50	50	45	30	48
Táboa de indicadores	40	50	50	50	55	70	52

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as cualificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para cualificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

Ao finalizar cada unha das unidades, realizarase unha proba escrita, que versará sobre os contidos vistos na mesma.

A cualificación obtida en cada unha das materias obterase ponderando os seguintes aspectos:

- Proba escrita e táboas de indicadores: 40%
- Traballo diario na aula: 40%
- Actitude, respecto aos demais compañeiros, proactividade cara ao traballo: 20%

No caso de obter un número decimal, redondearase á unidade máis próxima.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha cualificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendido como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Compre lembrar que as decisións sobre a permanencia un ano máis no curso corresponde, en todo caso, ao finalizar o ciclo, e sempre debe ser aplicada unha vez esgotadas as medidas ordinarias de apoio.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura, expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade, do espírito científico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz e a resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Desenvolvemento sustentable	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Tal e como o seu nome indica, estes elementos son transversais ao currículo de todas as áreas, polo que deben estar presentes na totalidade de actividades que se plantexen, incidindo, como é lóxico, de diferente maneira en cada un deles, en función do tipo de tarefas que se desenvolvan.

Do mesmo xeito, de maneira puntual poderán ser plantexadas actividades que, de xeito intencional, aborden contidos relacionados dunha maneira directa con algún destes elementos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Celebración da festa típica da nosa terra en tempo de outono.	X		
Samaín	Decoración e exposición de cabazas. Disfraces de medo. Concurso de debuxo e de relatos.	X		
Nadal	Celebración do Nadal no mes de decembro. Decoración do Centro.	X		
Entroido	Celebración da festa do entroido coa creación de disfraces relacionados co proxecto de biblioteca.		X	
Excursión fin de curso	Aínda non está acordado o lugar da viaxe.			X
Semana das letras galegas	Celebración do día das letras galegas con diferentes actos.			X
Benxamín Paz	Concurso literario no que participan os colexios da contorna.			X
Día de Rosalía	Celebración do día de Rosalía con recitacións, representacións, lecturas...		X	
Carreira pola Madalena	Carreira organizada polo Concello.			X

Observacións:

As actividades complementarias plantexadas buscan proporcionar ao alumnado unhas aprendizaxes vivenciadas, empregando recursos non tan habituais.

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fóra da contorna habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

Ademais destas, é posible que xurdan outras, motivadas por diferentes razóns: por iniciativa dos docentes, por ofertas e propostas que chegan ao centro, organizadas pola ANPA, Concello, Biblioteca Municipal.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para adaptar a programación ás necesidades do alumnado

Houbo coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases
Existiu unha distribución temporal equilibrada
A selección e temporalización dos contidos e das actividades foi adecuada
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e permitiron facer un correcto seguimento do progreso do alumnado
Os instrumentos de avaliación permitiron rexistrar numerosas variables da aprendizaxe
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considerouse a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.)
A metodoloxía fomentou a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e elaboráronse sobre os seus coñecementos previos
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse e proporcionáronse recursos materiais variados
Adoptáronse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Proporcionáronse actividades de reforzo ou ampliación dacordo coas necesidades dos/as alumnos/as
Clima de traballo na aula
O desenvolvemento da clase foi acorde ás características do grupo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A programación realizouse de maneira coordinada co resto do profesorado
Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer aos alumnos e ás familias
Mantívose unha comunicación e coordinación constante coas familias
Outros
Os criterios para unha avaliación positiva atopáronse vinculados aos obxectivos e aos contidos

Descrición:

Os indicadores de logro son niveis de cumprimento que nos permiten avaliar de maneira concreta a nosa práctica docente. Móstrannos en que grao alcanzamos dito indicador de logro, permitíndonos así facer unha proposta de mellora baseada neste resultado e adaptar máis e mellor a nosa práctica docente ás necesidades do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade co obxectivo de adaptar o proceso de ensino aprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado.

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensinoaprendizaxe.

Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, co gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas ao longo dos tres trimestres.

Por outra banda, un dos aspectos a tratar durante as sucesivas reunións do equipo do 2º ciclo, será o propio seguimento das Programacións Didácticas.

9. Outros apartados